
TALLER DE ANÁLISE DE OBRA

2016



OEMUSEUM

CONVOCATORIA

PRESENTACIÓN

7H Cooperativa Cultural e Offmuseum convocan a primeira edición do **Taller de Análise de Obra** para todos os e as artistas e axentes culturais que queiran participar deste espazo de confrontación e aprendizaxe do propio traballo a través da ollada crítica e construtiva doutros creadores.

O Taller de Análise procura atender a necesidade de maduración e acompañamento do artista post-academia e post-emerxencia, onde poder presentar, nun espazo de intimidade profesional, os traballos e procesos que desexe madurar, contrastar e analizar.

DESTINATARIOS

Toda persoa profesional da creación artística -artes escénicas, visuais, plásticas, cinematográficas, musicais, performativas, multimedia...- ou xestión cultural -comisariado, produción, comunicación, investigación...- interesada en profundar na produción individual dentro dun contexto de diálogo e intercambio, así como de potenciar e desenvolver a capacidade crítica para analizar os seus traballos e os dos seus pares.

DESCRIPCIÓN

Todos e todas as participantes seleccionadas terán que presentar ao resto do grupo un histórico da súa obra, un balance do camiño percorrido e un punto de situación de onde está. Participantes, coordinadoras, artistas e comisarios e axentes culturais convidados, contribuirán a comparar e destacar aqueles aspectos que poidan enriquecer o traballo do artista nun espazo de aprendizaxe colaborativo..

METODOLOXÍA

Ao longo do ano, unha mañá de sábado ao mes, reuniremonos para participar na presentación e análise do traballo de 2 dos artistas participantes. Fixarase o calendario de presentación dos artistas seleccionados en cada sesión de acordo á dispoñibilidade e adecuación dos perfís a tratar en cada xornada.

Cada persoa convocada dispón de 40 minutos. Os seguintes 50' dedicaranse a analizar, preguntar e debater o seu traballo co resto de participantes.

A sesión terminará cun pequeno relatorio do artista ou comisario/a invitado sobre as dificultades e desafíos vividos ao longo da súa obra.

FORMATO

Cada participante poderá escoller os formatos que mellor documenten e presenten o seu traballo para unha mellor comprensión dos participantes: powerpoint, charla, vídeos, obra in situ, fotografía...

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Non hai normas, máis que as da propia convivencia. Si é imprescindible unha boa disposición para escoitar. Non hai respostas -nin preguntas- boas e malas, calquera delas se pode achegar se son argumentadas.

Rógase o compromiso de asistencia a todas as sesións.

A presentación dos traballos realizarase nun espazo de completa confidencialidade e privacidade.

O rexistro e documentación audiovisual realizarase única e exclusivamente co permiso dos asistentes.

INSCRIPCIÓN E ENVÍO DE SOLICITUDES

PRAZO RECEPCIÓN SOLICITUDES

Do 8 ao 30 de marzo de 2016.

PRAZAS

18 prazas.

CUSTO

Achega única de 120€

DOCUMENTACIÓN E ENVÍO

Envío dun email a tallerdeanalyse@7hcoop.es coa seguinte documentación:

- Datos persoais (nome, dni, teléfono, email, dirección de contacto)
- CV + Dossier
- Carta de motivación de por que queres participar no Taller (máximo 2000 caracteres)

XURADO E FALLO

O Taller vai priorizar a diversidade de linguaxes e propostas artísticas, así como a participación daqueles e aquelas creadoras que se comprometan a vincularse ao proceso

de análise do taller e argumenten a necesidade de participar deste espazo de aprendizaxe colaborativa. O xurado estará formado polas coordinadoras e 3 dos artistas convidados nesta edición 2016.

A comunicación do fallo dos seleccionados realizarase persoalmente primeiro e publicamente despois, o 8 de abril.

CRONOGRAMA E SEDE

SEDE: Santiago de Compostela - o centro será itinerante. O espazo estará equipado con proxector, pantalla e portátil. Cabe a posibilidade de trasladar a sede do Taller nos meses de verán.

HORARIO: Sábados de 10h a 14h. Comida post-taller opcional.

CRONOGRAMA 2016

16 Abril

28 Maio

11 Xuño

9 Xullo

6 Agosto

10 Setembro

15 Outubro

12 Novembro

3 Decembro

ARTISTAS/COMISARIOS INVITADOS

As persoas escollidas para ap(m)adrinar cada xornada desenvolven o seu traballo fóra de Galicia. Con este criterio queremos facilitar a xeración de novas sinerxías e miradas que contribúan a dinamizar a escena artística galega.

ORGANIZACIÓN

O Taller de Análise de Obra é unha iniciativa das comisarias e mediadoras culturais Clara Rodríguez Cordeiro de 7H COOPERATIVA CULTURAL e Desirée Vidal Juncal de OFFMUSEUM.

Clara Rodríguez Cordeiro

Nada en Ourense en 1983. Licenciada en Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela (2006) polo itinerario de arte contemporánea, doctoranda especializada en arte contemporánea e xénero (Diploma de Estudos Avanzados, USC, 2009) e Máster en Arte, Museología e Crítica Contemporáneas (USC e CGAC, 2009).

Ademáis de desenvolver, desde 2008, proxectos propios no ámbito do comisariado e a mediación cultural -entre outras: “Yo, Blythe. Vidas de Plástico” (MAC, 2008), “En Branco” de Jesús Madriñán (Zona C, 2009), “Algo máis de Cor” (Sen Marco e CGAC 2010-2012) ou “Té con Madalenas” (Normal, 2013)-, foi coordinadora do espazo de creación e experimentación contemporánea A Chocolataría (Santiago de Compostela, 2006), presidenta da Asociación Cultural [sen marco] e promotora da cooperativa cultural 7H.

O seu estilo comisarial caracterízase por entender a exposición como un proceso de creación colectiva.

Desirée Vidal Juncal

Nada en Pontevedra en 1979. Licenciada en Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela (2001) polo itinerario de arte contemporánea. Completou estudos superiores regulados en análises da arte actual (UB, 2008), mediación e xestión do patrimonio cultural (UNED, 2004/06), deseño de proxectos de intervención artística no espazo público (con Ramón Parramón, ELISAVA, 2007) e deseño multimedia (UOC, 2012).

Traballou en produción, coordinación e comisariado de contidos e actividades culturais e de mediación en Bolivia (Sucre, AECID, 2004), en Catalunya (Granollers, Ajuntament de Granollers, 2005-2007), Argentina (Rosario, CCPE-AECID, 2007/09), Galicia (Pontevedra, Anias 2011/13) e Portugal (Porto, Fundação Serralves, 2014).

Comisariou e coordinou o programa anual de creación artística para mozos creadores arxentinos “Joven y Efímero” (2008/09). Gañou a bolsa de comisariado do Ajuntament de Olot (2010) con “One Off/Fora de Serie. Creación outsider en el arte actual”.. Participou na selección oficial do Festival der Regionen (Austria, Ebensee, 2015) xunto coa artista Carme Nogueira co proxecto site-specific “Wunderkammer Ebensee”. Colaborou na produción da exposición “O Processo SAAL” da Fundação Serralves (2014) e da residencia de creación do artista norteamericano Theaster Gates (Setembro 2014.)

AGRADECIMENTOS

Esta iniciativa está inspirada no Taller de Análise e Confrontación de Obra da entidade El Levante de Arxentina, dirixido polas artistas Graciela Carnevale, Lorena Cardona e Mauro Machado, e no que participou Desirée Vidal durante o 2008.

<http://www.ellevante.org.ar/levante/>

CONTACTO

Para atender calquera dúbida ou cuestión podeades contactar polos seguintes medios:

Email: tallerdeanalise@7hcoop.é ask@offmuseum.com

Teléfono: Desirée Vidal - Offmuseum: 657 62 42 39

<http://www.7hcoop.es/>

<http://offmuseum.com/>